



## Presentación das Actas do Congreso

### **EMIGRACIÓN E EDUCACIÓN (1900-1936) Iº CENTENARIO DAS ESCOLAS DA UNIÓN HISPANO-AMÉRICANA VALLE MIÑOR (1909-2009)**

Hoxe ás 12:30h. no IES "Escolas Proval" foi presentado o libro que recolle as comunicacións presentadas no Congreso EMIGRACIÓN E EDUCACIÓN (1900-1936) Iº CENTENARIO DAS ESCOLAS DA UNIÓN HISPANO-AMÉRICANA VALLE MIÑOR (1909-2009). O libro foi editado polo Instituto de Estudos Miñoranos dentro da súa colección Universitas Minoris.

O congreso tivera lugar entre os días 29 de xuño e 3 de xullo de 2009 celebrouse en Nigrán, nas instalacións do Instituto de Educación Secundaria "Escolas Proval", o Congreso "Emigración e Educación 1900-1936. Iº Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana

Pro Valle Miñor (1909-2009)", organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) como celebración do centenario da creación das Escolas da Unión-Hispanoramerica Pro Valle Miñor creadas pola asociación homónima impulsada polos emigrantes miñorás en Arxentina e no Uruguai.

O Congreso reuniu unha mancha de profesores/as e investigadores/as das universidades da Coruña, Santiago, Vigo e Bos Aires, e doutras institucións para recoller as súas respectivas visións sobre diferentes aspectos da emigración e da educación en Galicia no primeiro terzo do século XX.

Ramón Villares Paz, Lourenzo Fernández Prieto, Dionisio Pereira, Miguel Cabo, Pilar Cagiao, Uxío-Breogán Diéguez, Raúl Soutelo, Xoán Carmona, Narciso de Gabriel, Ruy Farías, Xosé Manuel Cid, Antón Costa, Xosé Manuel Malheiro, Rosa Pascual, Álvaro Peralta, Carlos Méixome, María Xosé González, José Ramón Iglesias, Miguel Anxo Santos Rego, María do Mar Lorenzo e Xosé Manuel Beiras fixeron as súas achegas que se recollen na presente publicación coordinada polo profesor Xosé Manuel Malheiro.

Dous anos máis tarde ve a luz un volume, editado polo Instituto de Estudos Miñoranos dentro da súa colección Universitas Minoris, no que se recollen as actas do Congreso.

O volume de máis de 500 páxinas está organizado en dous grandes paneis. No primeiro faise unha achega á historia económica, política e social da **Galicia no primeiro terzo do século XX.**

O segundo panel centrase na historia da educación, no papel da emigración no desenvolvemento dos centros escolares e no estudo das Escolas de Nigrán e dos seus impulsores Manuel Losada, Manuel Lemos e o seu director, Eladio Ferreiro. O segundo panel denomínase

**O labor educativo da emigración galega e as escolas da Unión Hispano-Americana Pro Val Miñor.**

O libro

iniciase cun adro introductorio a cargo do profesor Ramón Villares e unha coda ou remate de Xosé Manuel Beiras

No acto de presentación estiveron presentes o director do IEM, Carlos Méixome, o director do IES Escolas Proval, Manuel Martínez, a concelleira de Cultura de Nigrán, Liliana Silva Pequeno, a de Educación do mesmo concello, Ana Rosa Costas Abalde

# Presentación das Actas do Congreso "EMIGRACIÓN E EDUCACIÓN (1900-1936)"

Escrito por IEM

Mércores, 22 Xuño 2011 20:43

---